



CICLO MEDIO DE XARDINARÍA E FLORARÍA

FP DUAL

No curso 2023-2024, o CFEA Guísamo implanta o CM de Xardinaría e Floraría en modalidade Dual. Esta modalidade ten como obxectivo a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia, combinando a formación do alumnado no centro educativo coa súa formación e actividade profesionalizadora na empresa.

O Ciclo formativo de Grao Medio de Xardinaría e Floraría proporciona os coñecementos necesarios para realizar operacións de implantación, deseño, mellora e conservacións de xardíns tanto de interior como de exterior, para a comercialización de material vexetal e de xardinaría en axeitadas condicións de hixiene, seguridade e respectuosas co medio ambiente e para o manexo de maquinaria propia dos labores de xardinaría.

MÓDULOS	
1º curso	2º curso
1. Fundamentos agronómicos. 159 horas 2. Taller e equipamentos de tracción. 160 horas 3. Infraestruturas e instalacións agrícolas. 107 horas 4. Principios de sanidade vexetal. 107 horas 5. Implantación de xardíns e zonas verdes. 134 horas 6. Produción de plantas e terróns de céspede en viveiro. 186 horas 7. Formación e orientación laboral. 107 horas	8. Control fitosanitario. 87 horas 9. Mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes. 176 horas 10. Composicións florais e con plantas. 140 horas 11. Establecementos de floraría. 87 horas 12. Técnicas de venda en xardinaría e floraría. 87 horas 13. Empresa e iniciativa emprendedora. 53 horas 14. Formación en centros de traballo (FCT). 410 horas

DURACIÓN

Os dous cursos académicos do ciclo formativo equivalen a 2000 horas distribuídas en períodos de alternancia entre o centro educativo e a empresa.

No primeiro curso o alumnado recibe formación no centro educativo do mes de setembro ata o mes de abril e pasa a realizar a súa formación e actividade profesionalizadora na empresa do mes de maio ata o mes de agosto.

No segundo curso, que inclúe as 410 horas do módulo de Formación en Centros de Traballo-FCT, permanecerá no centro educativo de setembro a febreiro e a partires do mes de marzo rematará o ciclo coa formación e actividade profesionalizadora na empresa.

TITULACIÓN

Técnico/a en Xardinaría e Floraría

SAÍDAS PROFESIONAIS



Incorporarse ás empresas nas que ten realizada a formación, a empresas públicas ou privadas para desenvolver traballos de instalación, mantemento e mellora de xardíns de interior, exterior e zonas verdes, á produción de plantas e terróns de céspede en viveiro e á creación e elaboración de composicións e ornamentacións con flores e plantas.

Desenvolvemento de actividades de comercialización e distribución de maquinaria, insumos e materias primas, tanto por conta propia como allea.

Asesoramento e aplicación de tratamentos fitosanitarios, segundo a actividade regulada pola normativa, e de acordo coa lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Pódese consultar máis información sobre o proceso de admisión a ciclos formativos e outros aspectos da FP DUAL na web da Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional

